



CONCELLOS

BURELA

Anuncio

EXPTE. 1499/2024.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DA VENDA AMBULANTE DO CONCELLO DE BURELA

O Pleno de este Concello, na súa sesión extraordinaria celebrada o día 06 de novembro de 2024, aprobou inicialmente a Ordenanza Reguladora da Venda Ambulante do Concello de Burela.

O expediente estará exposto ao público, ós efectos de que os interesados poidan examinalo e presentar, no seu caso, as reclamacións que estimen oportunas, dentro do prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ó de esta publicación, e segundo o disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Burela, 7 de novembro de 2024.- Alcaldesa, Maria del Carmen López Moreno.

R. 3520

CASTROVERDE

Anuncio

MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A SELECCIÓN PARA CONFORMAR OS INTEGRANTES DA BOLSA DE EMPREGO TRABALLADOR/A SOCIAL DO CONCELLO DE CASTROVERDE MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

Visto as bases específicas e convocatoria do proceso selectivo para a constitución da bolsa de traballo na categoría de Traballador/a Social do Concello de Castroverde aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o 27 de xullo de 2022.

Visto o decreto de Alcaldía nº 110 do 17/08/2022 de aprobación da listaxe de emprego temporal específica de Traballador/a Social para efectuar os chamamentos a fin de nomear á persoas aspirantes como persoal funcionario interino, por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do Estatuto Básico do Empregado Público.

Tendo en conta a base duodécima que dispón o funcionamento da bolsa e en aras de unificar os criterios de funcionamento das bolsas das categorías profesionais existente no Concello de Castroverde.

Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP de Lugo e para os nomeamentos que se produzan tras esta publicación.

A Xunta de Goberno Local pola unanimidade dos membros presentes e en virtude das delegacións efectuadas por decreto de alcaldía do 5 de xullo de 2023, ACORDA:

Primeiro.- Modificar a base 12ª das bases reguladoras que rexerán a selección para conformar os integrantes da bolsa de emprego de Traballador/a Social do Concello de Castroverde que queda como segue:

DUODÉCIMA.- ORDE DE CHAMAMENTO E FUNCIONAMENTO DA BOLSA.

O funcionamento desta bolsa de emprego rexeráse polas seguintes regras:

1ª-O chamamento realizáse telefonicamente. A/o funcionaria/o que as realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron ou non resposta, así coma o sentido desta.

Unha vez realizado o intento de localización por medio da comunicación telefónica, se non fose posible o contacto en vinte e catro horas acudírase á persoa seguinte. A comunicación telefónica, realizarase un

mínimo de tres intentos de contacto entre as 9:00 e as 14:00 horas, cun intervalo de cincuenta minutos entre cada chamada.

A persoa integrante da Bolsa que reciba proposta de traballo, nos termos descritos anteriormente, deberá proceder a aceptación ou rexeitamento da mesma, nun período máximo de 2 horas, salvo que concorran circunstancias excepcionais ou de forza maior.

2ª-Os integrantes da bolsa de traballo que, sendo convocados para facer efectivo o nomeamento, non se presentasen, renunciasesen sen causa xustificada ou que renunciasesen a continuar desempeñando un posto para o que fosen nomeados en aplicación destas bases, non dará lugar exclusión da Bolsa de Emprego, pero ocasionará un cambio de lugar do posto, dentro da mesma, pasando a ocupar o último posto como integrante da Bolsa.

Consideraranse como causa xustificada para a renuncia ao chamamento as seguintes:

A) Estar desenvolvendo un traballo remunerado en virtude de relación laboral ou funcional nas datas para as que se efectúa o chamamento no Concello de Castroverde.

B) Estar cursando estudos cuxo horario lectivo sexa incompatible co do posto para o que se efectúa.

C) Atoparse en situación de incapacidade temporal que impida o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo.

D) Atoparse, en caso de maternidade, dentro das 16 semanas seguintes ao nacemento, adopción ou acollemento (período que se ampliará en 2 semanas mais por cada fillo a partires do segundo), ou, en caso de paternidade, dentro das 16 semanas seguintes ao nacemento, adopción ou acollemento (período que se ampliará en 2 semanas mais por cada fillo a partires do segundo).

E) Estar sometido a intervención quirúrxica ou internamento hospitalario, ou ter embarazo de alto risco e situación de risco ou necesidade acreditada polo facultativo que esixa a lactancia natural de menores de nove meses. A acreditación documentada da finalización de tal circunstancia dará lugar a reposición no mesmo lugar da orde da lista.

F) Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

O candidato deberá acreditar documentalmente a efectiva concorrencia da causa que alegue para renunciar ao chamamento.

3ª-Unha vez comparecera o/a aspirante chamado segundo o orde da bolsa de traballo, procederase ao seu nomeamento para o desempeño do posto de traballo correspondente.

O cese producirase polo órgano competente cando aconteza a causa de extinción do nomeamento ou cando se produzan algún dos supostos previsto no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Finalizado o contrato de traballo, o/a aspirante reintegrarase automaticamente na bolsa na mesma posición u orde na que se atopaba.

4.ª-A bolsa de traballo extinguirase unha vez transcorridos tres (3) anos, a contar desde a data da constitución da relación de persoas que integren a presente listaxe de emprego temporal, ou por derogación expresa polo órgano competente do Concello de Castroverde.

A duración da mesma poderá prorrogarse mediante resolución de Alcaldía, xustificando a mesma.

Tódalas necesidades de persoal mediante nomeamentos como funcionarios interinos por calquera das causas do artigo 10 do RDL 5/2015 polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que se realicen polo Concello para os postos e funcións contempladas nestas Bases deberán realizarse empregando esta Bolsa de emprego. Soamente poderá prescindirse dela cando a aplicación doutra norma de rango legal ou regulamentario impona a utilización dun procedemento de selección diferente, ou a esixencia de requisitos ou a valoración doutros criterios de selección diferentes ós destas Bases.

Castroverde, 11 de novembro de 2024.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 3532

Anuncio

Aprobados por Decreto de Alcaldía o padrón da recollida de plásticos agrícolas, correspondentes ao ano 2024, por un importe total de 10.893,91 €.

O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao de inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as

reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra os mesmos.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Castroverde, 7 de novembro de 2024.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 3533

FOZ

Anuncio

Non habéndose presentado reclamacións durante o prazo de exposición pública, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional da entidade de data cinco de setembro de dous mil vinte e catro, aprobatorio da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Bens, cuxo texto íntegro se fai público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI)

Artigo 1.- De conformidade co previsto no artigo 72 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLHL), o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable neste municipio queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

Artigo 2.- 1. O tipo de gravame do Imposto de Bens Inmobles aplicable aos Bens de natureza urbana queda fixado no 0,54 %.

2. O tipo de gravame do Imposto de Bens Inmobles aplicable aos Bens de natureza rústica queda fixado no 0,54 %.

3. O tipo de gravame do Imposto de Bens Inmobles aplicable aos Bens inmobles de características especiais queda fixado no 1,30 %.

Artigo 3.- EXENCIÓNS

En aplicación do disposto no artigo 62.4 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRHL), e atendendo a criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do imposto, establécese unha exención a favor dos bens de natureza urbana cuxa cota líquida sexa inferior á cantidade de 6 euros, así como os bens de natureza rústica cando para cada suxeito pasivo a cota líquida correspondente á totalidade dos seus bens rústicos sitios no municipio sexa inferior a 6 euros.

Artigo 4.- BONIFICACIÓNS SOBRE A COTA TRIBUTARIA

1.- Da cordo co artigo 74.1 do TRLHL, terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto os inmobles que constitúan o obxecto de actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel no que se inicien as obras ata o posterior á terminación das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva e sen que en ningún caso poda exceder de tres períodos impositivos.

Para gozar da mencionada bonificación os interesados deberán presenta-la súa solicitude dentro do prazo dun mes dende o comezo das obras e deberán acreditar ou acompañar-la seguinte documentación:

- Copia da licenza municipal de obras.
- Acordo catastral ou último recibo do IBI nos que se acredite a titularidade do ben inmovible.
- Acreditación da data de inicio das obras de urbanización ou construción de que se trate, que se fará mediante certificado do técnico director competente das mesmas, visado polo colexio profesional.
- Acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, que se fará mediante a presentación do recibo de IAE ó corrente de pago e polo epígrafe correspondente, ou, no seu defecto, dos estatutos da Sociedade.

- Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado, que se fará mediante certificado do administrador da sociedade, ou fotocopia do último balance presentado a Facenda, a efectos do Imposto sobre Sociedades.

2.- Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ó de outorgamento da cualificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas, conforme a normativa da Comunidade Autónoma. Dita bonificación concederáse a petición do interesado, que poderá efectuarse en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración da mesma, e surtirá efectos, no seu caso, dende o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite.

Para gozar da bonificación os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Escrito de solicitude no que se indique o ben inmovible.

- Fotocopia compulsada do certificado de cualificación de vivenda de protección oficial.

- Fotocopia compulsada da escritura ou nota simple rexistral do inmovible.

- Se na escritura pública non constara a referencia catastral, fotocopia compulsada do recibo do imposto correspondente ó exercicio anterior.

3.- Terán dereito a unha bonificación do 95% na cota íntegra dos bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas.

Esta bonificación terá carácter rogado e fornecerá efectos, no seu caso, desde o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite, sempre que, previamente, reúna as condicións e acredite ante o concello o cumprimento dos requisitos esixidos para o seu outorgamento.

Esta bonificación é compatible cos demais beneficios fiscais determinados pola presente ordenanza.

4.- Terán dereito a unha bonificación de entre o 50 e o 90 por cento da cota íntegra do imposto aqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa.

Esta bonificación concederáse por petición do interesado, exclusivamente para a vivenda que constituía a súa residencia habitual, entendéndose por residencia habitual aquela na que figure empadroadado, e sempre que o valor catastral da mesma non supere os 200.000 euros, de conformidade cos seguintes supostos:

a) Bonificación do 90%, cando a renda neta da unidade familiar dividida polo número de membros, sexa inferior ou igual ao Indicador de Renda de Efectos Múltiples (IPREM).

b) Bonificación do 70%, cando a renda neta da unidade familiar dividida polo número de membros, sexa inferior ou igual ao IPREM multiplicado por 1,5 e superior á cantidade prevista na alínea a).

c) Bonificación do 50%, cando a renda neta da unidade familiar dividida polo número de membros, sexa inferior ou igual ao IPREM multiplicado por 2 e superior á cantidade prevista na alínea b)

Os suxeitos pasivos deberán acreditar a renda neta da unidade familiar ou autorizar a petición de datos á Axencia Tributaria. Os ingresos acreditados dun exercicio compararanse co IPREM do mesmo exercicio que os ditos ingresos. A condición de familia numerosa acreditaráse mediante a presentación do carné de familia numerosa ou certificación que acredite dita condición.

5.- Para gozar das bonificacións anteriores o suxeito pasivo non poderá alegar analoxía para estender o alcance máis alá dos seus termos estritos.

6.- Terán unha **bonificación do 5 %** sobre a cota íntegra do imposto aqueles suxeitos pasivos que soliciten e acepten como fórmula de pago a domiciliación da cota do imposto, segundo se establece no presente artigo e que será aplicada nos termos e condicións que se establecen a continuación, a saber:

a) A orde de domiciliación deberá presentarse polos obrigados ao pago, dirixindo a comunicación directamente á Deputación ou a través da entidade depósito, cunha antelación de dous meses ao inicio do período recadatorio. Noutro caso, terán efecto a partir do período seguinte. As domiciliacións terán validez por tempo indefinido, en tanto non sexan anuladas polo interesado, ou a Deputación dispoña expresamente a súa invalidez por razóns xustificadas (artigo 16 da Ordenanza Xeral de Xestión, Recadación e Inspección da Excm. Deputación Provincial de Lugo). Esta orde de domiciliación farase de acordo co modelo proposto pola Deputación Provincial de Lugo e as normas sinaladas no mesmo.

b) Cando se produza un cambio de titularidade do ben inmovible, non se manterá o sistema especial de pago nin a domiciliación do recibo, debendo solicitarse novamente.

Artigo 5. XESTIÓN DOS PAGOS

O importe anual do recibo cobrarase nun só recibo na data establecida con carácter xeral para aqueles suxeitos pasivos que así o soliciten.

Como regra xeral, o importe total anual do recibo distribuirase en dous prazos de acordo coas seguintes normas:

a) Primeiro prazo.- Terá unha contía igual ao 50% do importe do recibo correspondente ao exercicio en curso e cobrarase por domiciliación na conta sinalada respecto diso polo contribuínte na súa solicitude, nas datas fixadas polo Servizo Provincial de Recadación.

b) Segundo prazo.- Terá unha contía igual ao 50% do importe do recibo e cobrarase por domiciliación na conta sinalada respecto diso polo contribuínte na súa solicitude, nas datas fixadas polo Servizo Provincial de Recadación. Neste segundo prazo aplicarase a bonificación do 5% por domiciliación.

A falta de pagamento total ou parcial por causas imputables ao interesado do primeiro prazo, deixará sen efecto o acollemento a este sistema especial de pagos concedido para o ano en curso, e o suxeito pasivo estará obrigado ao pago do total do recibo dentro do período voluntario de pago establecido para o IBI urbana nese ano; esta falta de pago do primeiro prazo deixará sen efecto tamén o sistema para os exercicios seguintes, debendo presentarse nova solicitude, se nun exercicio posterior interesa o sistema.

A falta de pagamento total ou parcial do segundo prazo por causas imputables ao interesado deixará sen efecto o acollemento ao sistema especial de pagos concedido para o ano en curso; esta falta de pago do segundo prazo deixará sen efecto tamén o sistema para os exercicios seguintes, debendo presentarse nova solicitude, se nun exercicio posterior interesa o sistema.

Os obrigados tributarios que non se acollan á fórmula especial de pago terán, dentro do calendario fiscal establecido, a fórmula e prazo de abono xeral establecido.

DISPOSICIÓN FINAL.-A presente modificación entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa”.

Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Foz, 8 de novembro de 2024.- O ALCALDE, Francisco Cajoto Caserío.

R. 3521

LOURENZÁ

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO

Padrón fiscal do Servizo de XIMNASIO MUNICIPAL (utilización de outras dependencias deportivas municipais) do mes de **outubro** de 2024.

EDICTO

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notificase colectivamente a liquidación da taxa polo servizo de ximnasio municipal (utilización de outras dependencias deportivas municipais) correspondente ao mes de **outubro de 2024**.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias do servizo de deportes do Concello de Lourenzá, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co establecido nos artº 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

O prazo de cobro, en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto .

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do taxa serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Lourenzá, 5 de novembro de 2024.- A Alcadesa, D^a. Rocío López García.

R. 3522

Anuncio

Anuncio de notificación de baja de oficio en el Padrón Municipal de Habitantes por inscripción indebida.

Con fecha 2 de julio de 2024 se inicia expediente en relación con la solicitud de baja en el Padrón de Habitantes por parte del dueño de la vivienda, y se procede a lo siguiente:

1º.- Declarar el inicio del procedimiento de baja de oficio de la inscripción en el Padrón Municipal de Habitantes de este Ayuntamiento, por inscripción indebida de las personas que se relacionan a continuación:

- **D. ABDERRAZAK OULFIAD CON DOCUMENTO N.º ****2790****

2º.- No siendo posible practicar la notificación a las personas interesadas, se inicia un plazo de quince días, que empezará a contar desde el día siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOE, según lo dispuesto en el artículo 44 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, para que la persona interesada presente ante esta Alcaldía las alegaciones que considere oportunas respecto a su situación en el Padrón de Habitantes.

3º.- De no presentar alegaciones en dicho plazo, y una vez recibido informe favorable del Consejo de Empadronamiento, se procederá a la **baja en el Padrón Municipal de Habitantes** del Concello de Lourenzá.

Lourenzá, 11 de noviembre de 2024.- A Alcadesa, Rocío López García.

R. 3534

Anuncio

Para os efectos do establecido no art.17 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TR Lei r/ das facendas locais), exponse ao públcio, durante o prazo de 30 días hábiles, a modificación da "Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles (IBI)", que se aprobou polo Pleno do concello, na súa sesión ordinaria celebrada o día 13/11/2024, ó obxecto de que , a partir do día seguinte ó da súa inserción , os interesados poidan examinar o expediente e / ou presentar as reclamacións que estimen oportunas, que de ser o caso , haberán de dirixirse ó mesmo órgano que o aprobou, e entenderase elevado a definitivo se non se presentase ningunha reclamación.

Lourenzá, 13 de novembro de 2024.- A Alcadesa, Rocío López García.

R. 3567

Anuncio

Para os efectos do establecido no art. 17 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TR Lei r/ das facendas locais) , exponse ao públcio, durante o prazo de 30 días **hábiles, a modificación da "Ordenanza Fiscal reguladora da taxa polo servizo de subministro da auga"** que se aprobou polo Pleno do Concello ,na súa sesión ordinaria celebrada o día 13/11/2024 , ó obxecto de que , a partir do seguinte ó da súa inserción , os interesados poidan examinar o expediente e/ ou presentar as reclamaciónsque estimen oportunas, que de ser o caso , haberán de dirixirse ó mesmo órgano que o aprobou, e entenderase elevado a definitivo se non se presentase ningunha reclamación.

Lourenzá, 13 de novembro de 2024.- A Alcadesa, Rocío López García.

R. 3568

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

O Pleno da Corporación, na súa sesión ordinaria celebrada o día 28 de outubro do 2024 prestou aprobación á modificación do cadro de persoal actual de funcionarios e incluír un posto de policía segunda actividade e a modificación da RPT para incluír unha ficha descritiva de segunda actividade Policía Local.

Expónseao público a efectos de información pública e audiencia aos interesados por prazo de vinte días para a presentación de reclamacións, suxerenciasoualegacións contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidadeco previsto no artigo 202 da Lei 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia.

Monforte de Lemos, 4 de novembro de 2024.- O ALCALDE, Gloria Maria Prada Rodriguez.

R. 3535

OUROL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto de Alcaldía número 2024-0449, de 5 de novembro de 2024, prestouse aprobación ao **Padrón municipal da TAXA de recollida de LIXO correspondente ao 3º TRIMESTRE de 2024.**

Por Decreto de Alcaldía número 2024-0450, de 5 de novembro de 2024, prestouse aprobación ao **Padrón municipal da TAXA da AUGA correspondente ao 3º TRIMESTRE de 2024.**

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días hábiles**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o órgano que o aprobou, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo **dun mes** dende que se entenda producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, **fixase como prazo de ingreso en período voluntario** dous meses, a contar **dende o 5 de decembro de 2024 ata o 6 de febreiro de 2025, ambos inclusive.**

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremo, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos Padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ourol, 6 de novembro de 2024.- O Alcalde - Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 3523

*Anuncio***EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Por Decreto de Alcaldía número 2024-0448, de 4 de novembro de 2024, prestouse aprobación inicial ao **Padrón fiscal do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR correspondente ao mes de OUTUBRO de 2024 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** polo importe de catro mil novecentos noventa e sete euros con setenta e cinco céntimos (4.997,75 €), correspondendo dous mil catrocentos cincuenta e nove euros con quince céntimos (2.459,15 €) a dependencia e dous mil cincocentos trinta e oito euros con sesenta céntimos (2.538,60 €) a libre concorrència.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ourol, 5 de novembro de 2024.- O Alcalde - Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 3524

PARADELA*Anuncio***EXPOSICIÓN PÚBLICA EXPEDIENTE DE LEGALIZACIÓN E REMATE DE ALMACÉN PARA O APOIO DE EXPLOTACIÓN VINÍCOLA EN ALDOSENDE.**

En relación ao expediente que se segue no Concello de Paradelas (Lugo) para a legalización e remate de almacén para apoio de explotación vinícola en Aldosende, cos seguintes parámetros:

- Emprazamento: Ig Aldosende - Pq Aldosende 106 (A), Polígono 25, Parcela 2346, Rexemonde - 27611, Paradelas (Lugo), Referencia catastral 27042A025023460000GG.
- Uso solicitado: actividade complementaria de primeira transformación.
- Altura: 4,90 metros.
- Edificabilidade dá edificación pretendida: 156,45 m² (0,10%). Ocupación: 71,95 m²
- Lugar e horario de consulta dá documentación: Oficinas xerais do concello de Paradelas, sito na rúa Cabaleiros de Santiago, 15 - 27611, en horario de 09:00 a 14:00 horas de luns a venres.

En cumprimento do disposto no artigo 38 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Chan de Galicia e do artigo 57 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, procédese á exposición pública do expediente durante 30 días, a contar desde o seguinte ao da data de publicación, para os efectos da presentación de eventuais alegacións, se procedese.

Paradelas, 8 de novembro de 2024.- Alcaldesa - Presidenta, María Montserrat Mulet Sar.

R. 3536

POL*Anuncio*

Aprobado polo Pleno Municipal de data 11 de novembro de 2024, a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga de Pol, expónse ao público durante o prazo de trinta días hábiles para que os interesados poidan presentar reclamacións, suxestións ou alegacións. Transcurrido dito prazo sin que se presenten reclamacións, o acordo considerárase definitivo sin necesidade de novo acordo plenario.

Pol, 11 de novembro de 2024.- O ALCALDE, D. Lino Rodríguez Ónega.

R. 3555

Anuncio

Aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación na sesión do 11 de novembro de 2024, a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por prestación do servizo de recollida de lixo domiciliario, para cumprir o disposto no artigo 17 do Texto Refundido da Ley Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público por un período de trinta días hábiles a contar dende o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente na Secretaría do Concello e formular, mediante escrito dirixido ao Sr. Alcalde, as reclamacións que estimen oportunas.

Se non se presentan reclamacións no período indicado entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sin necesidade de acordo plenario.

Pol, 11 de novembro de 2024.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 3556

A PONTENOVA*Anuncio***CONVOCATORIA PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE 1 AUXILIAR ADMINISTRATIVO AO ABEIRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS - PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2024.**

Por decreto da alcaldía de data 07/11/2024 apróbanse as bases que rexerán a contratación por concurso - oposición dun posto de auxiliar administrativo como funcionario interino (por acumulación de tarefas) durante un período de (9) nove meses a xornada completa no Concello da Pontenova ao abeiro do Plan Deputación de Cooperación cos concellos 2024.-

Prazo de presentación de instancias: DEZ DÍAS hábiles a contar dende o día seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP (de 09:00 horas a 14:00 horas, no Rexistro xeral do Concello de A Pontenova, Praza do Concello s/n - 27720 - A Pontenova), tamén poderán presentarse a través da sede electrónica municipal (<http://concellodapontenova.org/?lang=es>) e tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido nas bases.-

Bases da convocatoria: publicadas na sede electrónica municipal <http://concellodapontenova.org/?lang=es> e no taboleiro de anuncios do concello (físico e sede electrónica).

A Pontenova, 7 de novembro de 2024.- O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 3525

RIBADEO*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL.****Modificación orzamentaria 68/2024, SUPLEMENTO DE CREDITO OPERACIÓN DE CRÉDITO**

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 05/11//2024 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 68/2024 do Orzamento en vigor, na modalidade de SUPLEMENTO de crédito , Operacion de crédito por importe de **950.000,00 €**

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública **durante o prazo de quince días**, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, 6 de novembro de 2024.- ALCALDE, Daniel Vega Pérez.

R. 3526

SAMOS*Anuncio*

O Pleno do Concello de Samos, en sesión *extraordinaria* celebrada o día 08/11/2024 acordou a aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora taxa por recollida de residuos sólidos urbáns, tratamento e eliminación dos mesmos, monda de pozos negros e limpeza en rúas particulares

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente o acordo.

Samos, 8 de novembro de 2024.- A alcaldesa, María Jesús López López.

R. 3527

SARRIA*Anuncio***Exposición pública do Padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, saneamento e depuración de augas residuais; recollida de lixo do Concello de Sarria.**

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable e saneamento-depuración; o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga e recollida de lixo, correspondente ao **terceiro trimestre de 2024**, o citado padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Peregrino nº 31 Portal 1 Baixo; en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 4 de Xaneiro de 2025, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Sarria, 9 de novembro de 2024.- Sr. Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martinez.

R. 3528

SARRIA

Anuncio

APROBACIÓN PROVISIONAL

O Pleno do Concello de Sarria, en sesión realizada o día 07/11/2024, acordou aprobar provisionalmente a modificación das seguintes ordenanzas (Expte. 2643/2024):

- Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por Subministro de Auga.
- Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa polo servizo de Rede de Sumidoiros.
- Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa polo Vertido de Augas Residuais nas Estacións Depuradoras de Augas Residuais do Concello de Sarria.

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométense os expedientes a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, dentro do cal os interesados poderán examinar os expedientes e presentar as alegacións que estimen oportunas.

Así mesmo, os acordos de aprobación provisional estarán a disposición dos interesados no Portal de Transparencia de Sede Electrónica Municipal: <https://sarria.sedelectronica.es/transparency>

Se transcorrido o devandito prazo non se presentaron reclamacións, consideraranse aprobados definitivamente os acordos de aprobación provisional.

Sarria, 8 de novembro de 2024.- O Alcalde, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 3537

Anuncio

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2024

Por Resolución de Alcaldía deste Concello de data 08/11/2024, mediante decreto n.º 2024-1871, aprobouse a Oferta de Emprego Público correspondente a a/s praza/s que a continuación se apuntan para o ano 2024:

A) ACCESO LIBRE

PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA:

GRUPO	SUBGRUPO	ESCALA	SUBESCALA	DENOMINACIÓN	N.º PRAZAS	SISTEMA DE ACCESO
C	C1	A.ESPECIAL	S. ESPECIAIS	POLICÍA LOCAL	2	OPOSICIÓN
C	C2	A.XERAL	AUXILIAR	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	CONCURSO-OPOSICIÓN COTA DISC.
E	-	A.XERAL	SUBALTERNA	ALGUACIL - NOTIFICADOR	1	CONCURSO-OPOSICIÓN
Total de prazas a ofertar					4	

PERSOAL LABORAL FIXO

GRUPO COTIZACIÓN	DENOMINACIÓN	N.º PRAZAS	SISTEMA DE ACCESO
10	OPERARIO	1	CONCURSO-OPOSICIÓN
Total de prazas a ofertar		1	

PERSOAL LABORAL FIXO-DISCONTINUO

GRUPO COTIZACIÓN	DENOMINACIÓN	N.º PRAZAS	SISTEMA DE ACCESO
5	MESTRE DE MÚSICA	2	CONCURSO-OPOSICIÓN
Total de prazas a ofertar		2	

En cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril, da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, o artigo 70 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo ante o Alcalde, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Sarria, 8 de novembro de 2024.- O Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 3538

O SAVIÑO*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACION ANEXO INVESTIMENTOS DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2024 e TRANSFERENCIA CREDITO ENTRE DISTINTAS AREAS DE GASTO (Expte. 1161/2023).**

1. Aprobado definitivamente o acordo do Pleno do concello de O Saviño, de data 27 de setembro de 2024, de aprobación inicial de modificación do Anexo de Investimentos do orzamento municipal vixente e de modificación de créditos, na modalidade de transferencia de créditos entre distintas áreas de gasto por importe de 40.000,00 euros, ao non presentarse reclamacións no período de exposición pública (BOP núm. 236, de data 11/10/2024), de acordo co preceptuado no artigo 169 Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por medio do presente anuncio, dase conta do anterior co seguinte detalle:

MODIFICACION ANEXO INVESTIMENTOS ORZAMENTO 2024			
PROXECTOS SUBSTITUIDOS(*)			
DENOMINACIÓN PROXECTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	NIVEL VINCULACIÓN	RECURSOS PROPIOS
Plan Único 2024	453.619	4.6	17.284,66 €
Reforma piscina municipal (*)	342.619	3.6	40.000,00 €
Plan Marco 2024-2025 Camiños	453.619	4.6	24.299,48 €

Parque infantil Currelos	171.619	1.6	45.000,00 €
Arranxo Casa Consistorial	920.619	9.6	45.000,00 €
Mellora abastecemento auga Currelos II	161.619	1.6	37.000,00 €
TOTALES			208.584,14
PROXECTO INCORPORADO (*)			
DENOMINACION PROXECTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	NIVEL VINCULACIÓN	RECURSOS PROPIOS
Mellora edificación Escola Chave (*)	150.632	1.6	9.999,69 €
Stand Eventos (*)	334.609	3.6	30.000,31 €
TOTALES			40.000,00

MODIFICACION CRÉDITOS NA MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CREDITOS							
Aplicacións orzamentarias que ceden crédito				Aplicacións orzamentarias que reciben crédito			
Área Gasto	C. Económica	Concepto	Importe	Área Gasto	C. Económica	Concepto	Importe
342	619	Instalac. deportivas. Reposición infraestrutura e bens destinados ao uso xeral	-40.000	150	632	Abastecemento auga potable. Reposición infraestrutura e bens destinados ao uso xeral	9.999,69
				334	609		30.000,31
Total			-40.000,00	Total			40.000,00

De conformidade co disposto no artigo 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, contra esta aprobación definitiva poderase interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses a partir da publicación deste anuncio, sen prexuízo de que poida interperse calquera outro que conveña.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Saviñao, 6 de novembro de 2024.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 3529

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA MC 20/2024. MODALIDADE SUPLEMENTO DE CRÉDITOS (EXP. 1303/2024)

Rematado o prazo de exposición pública do acordo adoptado polo Pleno desta Corporación, en sesión celebrada o 8 de outubro de 2024, no que se aprobou inicialmente o expediente de modificación orzamentaria 20/2024, na modalidade de suplemento de crédito, por un importe total de 137.439,25 euros, sen que se presentase reclamación algunha contra o mesmo, polo que se entende elevado a definitivo conforme ao disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, e que se publica conforme ao disposto no artigo 169.3 do mesmo texto legal:

Suplementos en aplicacións de gastos**Orzamento de gastos**

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		DESCRICIÓN	
Progr.	Económica		
161	22100	Auga potable. Enerxía eléctrica.	52.000,00
161	619	Auga potable. Outras inv reposicion	9.000,00
165	22100	Alumbrado público. Enerxía eléctrica	44.000,00
312	22100	Hospitais,ss asistenciais e centros de saúde. Enerxía eléctrica	1.000,00
320	22100	Educación.Enerxía eléctrica.	2.500,00
332	22100	Bibliotecas. Enerxía eléctrica	1.000,00
342	22100	Instalacións deportiv. Enerxía elec	6.000,00
920	22100	Admón xral.Enerxía eléctrica.	1.500,00
920	22699	Admón xral. Outros gastos diversos	6.887,13
920	22799	Admón xral. Outros traballos realiz outras emp.	10.152,12
920	619	Admón xral. Outras inv reposicion	3.400,00
		Total	137.439,25
		TOTAL GASTOS SUPLEMENTO	137.439,25

Esta modificación finánciase con cargo a novos e maiores ingresos procedentes da liquidación definitiva da participación das Entidades Locais en tributos do Estado do exercicio 2022 , nos seguintes termos:

Suplementos en Concepto de Ingresos

Concepto	Descrición	Euros
420.00	Participación Tributos Estado	137.439,25
	TOTAL INGRESOS	137.439,25

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición. A interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

O Saviñao, 6 de outubro de 2024.- Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 3530